



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Rúa Pastoriza, 8
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 545 493
Fax: 981 544 424
www.xunta.es/linguagalega

gàlicia

Convocatoria do 28 de decembro de 2015 da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se establecen as bases reguladoras para a realización de proxectos de innovación en dinamización lingüística en centros docentes de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e pola que se procede á súa convocatoria para o curso académico 2015/16

O Estatuto de autonomía de Galicia recolle a obriga dos poderes públicos de garantir o uso normal do galego e de potencialo en todos os planos da vida pública, cultural e formativa, así como de dispor os medios para facilitar o seu coñecemento. Ademais, a Administración educativa ha de fomentar o uso da lingua propia da comunidade autónoma en distintos espazos e situacóns de comunicación dos centros educativos.

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística (DOG núm. 84, do 14 de xullo de 1983) establece que “o galego, como lingua propia de Galicia, é tamén lingua oficial no ensino en todos os niveis educativos” (artigo 13). Así mesmo, recolle que “o Goberno galego arbitrará as medidas necesarias para facer efectivo este dereito” (artigo 13) e que “as autoridades educativas da comunidade autónoma garantirán que, ao remate dos ciclos en que o ensino do galego é obligatorio, os alumnos coñezan este, nos seus niveis oral e escrito, en igualdade co castelán” (artigo 14.3).

A Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias, feita en Estrasburgo o 5 de novembro de 1992 e ratificada por España (BOE núm. 222, do 15 de setembro de 2001), prevé que na educación preescolar, primaria e secundaria se garantan as linguas rexionais ou minoritarias (artigo 8).





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Rúa Pastoriza, 8
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 545 493
Fax: 981 544 424
www.xunta.es/linguagalega

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (BOE núm. 106, do 4 de maio de 2006) establece o logro da competencia nas dúas linguas oficiais da comunidade autónoma con idioma propio como unha das finalidades da educación.

Pola súa parte, o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia (DOG núm. 97, do 25 de maio de 2010) apostou por afondar no desenvolvemento dos preceptos da Lei de normalización lingüística no tocante ao ensino, por reforzar a dimensión comunicativa do galego en relación con contextos vivos e por facilitarlle ao alumnado unha oferta educativa que lle axude a percibir a utilidade da lingua e que o capacite para o seu uso correcto e eficaz.

Pola súa banda, o Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia o 21 de setembro de 2004, conclúe que a nova realidade social en que nos movemos e os novos retos que nos propón demandan que o uso do galego se prolongue no ámbito que rodea os centros, de xeito que a mocidade galega atope nel espazos onde se comunicar con normalidade na lingua propia de Galicia. Asemade, o plan xeral anímanos a recoñecer que, dado que a nosa é unha lingua de futuro, debe ser presentada como tal e ha de relacionarse con ámbitos de interese para a mocidade.

Ademais das previsións normativas, cómpre ter en conta que os estudos más actualizados sobre a adquisición de idiomas revelan que esta se fai, en boa medida, nas variadas situacións de comunicación que se producen fóra das aulas de lingua e que é imprescindible o uso do galego en diferentes contextos para acadar o seu pleno dominio.

Por iso, a través desta convocatoria, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria pretende fomentar o desenvolvemento de proxectos educativos innovadores que impliquen o uso da lingua galega e o coñecemento cultural que garanta unha plena competencia comunicativa neste idioma.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Rúa Pastoriza, 8
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 545 493
Fax: 981 544 424
www.xunta.es/linguagalega

galicia

Estes proxectos deben cumplir as seguintes tres condicións mínimas para seren considerados como innovadores: han de incluír melloras substanciais na práctica profesional que revertan no impacto sobre o proceso educativo establecido, deben mellorar os resultados do proceso mantendo o esforzo inicial e han de ser duradeiros e ter un alto índice de utilización por e para a comunidade educativa onde se pretenden introducir.

Ademais, os proxectos deseñaranse para que durante a súa execución acaden os obxectivos lingüísticos que perseguen.

En consecuencia,

RESOLVEMOS:

Artigo 1. Obxecto da convocatoria

O obxecto desta disposición é convocar os centros de titularidade pública do ámbito non universitario da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para que presenten proxectos de innovación en dinamización lingüística e determinar as condicións e os requisitos, co fin de outorgar as contás para realizar os proxectos que se desenvolverán no curso académico 2015/16.

Os proxectos deberán fomentar algún ou varios dos seguintes aspectos:

- O galego oral, coa creación de novos ámbitos de uso frecuente que favorezan a utilización da lingua dentro e fóra das aulas.
- O achegamento á lingua e ao coñecemento da realidade sociocultural galega por parte do alumnado procedente do estranxeiro e das súas familias.
- A colaboración con entidades culturais, asociativas, recreativas e deportivas, así como coas empresas locais, para favorecer o emprego da lingua galega e mellorar a súa valoración social.
- A relación da lingua galega coas tecnoloxías da información e da comunicación.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Rúa Pastoriza, 8
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 545 493
Fax: 981 544 424
www.xunta.es/linguagalega

g_{alicia}

Serán obxecto de atención preferente os proxectos que fomenten un maior número destes aspectos e aqueles que presenten centros que se agrupen para o desenvolvemento do proxecto.

Artigo 2. Número de proxectos e dotación económica

Entre todos os proxectos presentados seleccionaranse cinco, que terán a consideración de excelentes, e recibirán:

1. Unha dotación económica de 2000 euros.
2. Apoio e asesoramento tanto na fase de elaboración do proxecto coma durante o seu desenvolvemento. Este apoio e asesoramento será prestado polas persoas coordinadoras dos equipos de dinamización da lingua galega no ámbito territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
3. A difusión de experiencias e dos materiais educativos producidos a través da rede e da páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística (www.lingua.gal).

Igualmente, poderán concederse, a xuízo da Comisión de Selección, ata un máximo de dúas mencións de honra, sen dotación económica.

Artigo 3. Participantes

- a) Poderán participar en cada proxecto o profesorado e demais profesionais da educación en activo que desenvolvan o seu labor nos centros de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- b) Cada proxecto poderá ser presentado por un só centro público ou por un agrupamento de dous ou tres centros públicos. En calquera dos casos deberá formalizarse nunha única solicitude.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Rúa Pastoriza, 8
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 545 493
Fax: 981 544 424
www.xunta.es/linguagalega

Artigo 4. Prazo de presentación

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Portal Educativo (www.edu.xunta.es) e na web da Secretaría Xeral de Política Lingüística (www.lingua.gal/).

Artigo 5. Formalización e presentación de solicitudes

1. A solicitude formalizarase segundo o modelo que figura como anexo I desta convocatoria, e deberá xuntárselle a documentación que se indica a continuación:
 - a) Descripción do proxecto, cunha extensión máxima de 33.000 caracteres (espazos incluídos), do que se presentará unha copia en papel e outra copia en soporte óptico (anexo II).
 - b) Unha ficha resumo do proxecto, coa desagregación de gastos (anexo III).
 - c) Relación do profesorado do centro ou centros, no caso de proxectos intercentros, participantes no proxecto, coa indicación concreta e específica das funcións que vai desempeñar cada persoa (anexo IV).
 - d) Copia das actas das reunións do claustro do profesorado e do consello escolar do centro ou centros en que conste que estes organismos foron informados do proxecto e que acordan a súa participación nel (anexos V e VI).
 - e) Unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas e concedidas como as pendentes de resolución para cada proxecto, das distintas administración públicas





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Rúa Pastoriza, 8
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 545 493
Fax: 981 544 424
www.xunta.es/linguagalega

galicia

competentes en calquera dos seus organismos, entes ou sociedades
(anexo VII).

2. As instancias e demais documentación presentaranse no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia, Edificio administrativo San Caetano, s/n, 15781, Santiago de Compostela, ou nos lugares e na forma previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE núm. 285, do 27 de novembro de 1992). Se a solicitude é remitida por correo, será necesaria a súa presentación en sobre aberto para que o persoal funcionario de Correos poida selala e facer constar a data antes de certificala.

Artigo 6. Xestión da convocatoria

A xestión desta convocatoria realizaraa a Secretaría Xeral de Políticas Lingüísticas. Este departamento poderalles requirir aos centros solicitantes canticos documentos e aclaracións considere necesarios para tramitar o expediente e tamén poderá dispor que se leven a cabo as comprobacións oportunas dos datos achegados polos peticionarios.

Unha vez que se reciba a solicitude, examinarase para ver se reúne os requisitos esixidos e se vai acompañada da preceptiva documentación. En caso contrario, requirirase o solicitante para que, no prazo de dez días, emende e/ou complete os documentos e os datos que deben achegarse e advertíraselle de que, de non facelo así, se considerará que desistiu da súa petición e esta será arquivada, logo de ditar a resolución nos temos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE núm. 285, do 27 de novembro de 1992).





Artigo 7. Características dos proxectos

1. Os proxectos deberán ser orixinais e incluír accións de innovación en dinamización lingüística que revertan positivamente na dinámica lingüística habitual do centro escolar e que xeren melloras permanentes na realidade educativa.
2. Os proxectos han de incluír a seguinte información (anexo III):
 - a. Título.
 - b. Contextualización e xustificación do proxecto a partir da situación sociolingüística de partida do centro.
 - c. Obxectivos que se pretenden alcanzar como resposta ás necesidades detectadas e propostas de mellora a curto e longo prazo.
 - d. Actividades de desenvolvemento do proxecto, nas que se reflecta o eixe que o vertebral, as actuacións estruturadas temporalmente e unha proposta metodolóxica.
 - e. A utilización e o grao de implicación dos recursos humanos e materiais existentes no centro en beneficio do proxecto.
 - f. As colaboracións con institucións do contorno e /ou outros centros educativos.
 - g. O plan de avaliación, con especial atención ao grao de incidencia do proxecto na mellora do uso da lingua galega por parte da comunidade educativa.
 - h. As medidas que se pensan tomar para difundir o proxecto entre o alumnado, as familias e a totalidade da comunidade educativa, para fomentar a súa participación e aproveitamento.
 - i. O orzamento previsto.
 - l. Funcións e tarefas que vai realizar o profesorado implicado.

Detallaranse as funcións e as tarefas de cada un deles.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Rúa Pastoriza, 8
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 545 493
Fax: 981 544 424
www.xunta.es/linguagalega

3. Os proxectos de innovación en dinamización lingüística realizados conciuntamente entre varios centros e nos que estean representados diferentes niveis do sistema educativo valoraranse especialmente, segundo se dispón no artigo 9.4.c.

Artigo 8. Requisitos dos centros

Os centros que desexen participar nesta convocatoria deberán cumplir os seguintes requisitos:

- Presentar a solicitude e o resto da documentación a que se refire o artigo 5 desta convocatoria.
- Presentar un proxecto educativo novo e orixinal que implique o maior número posible de alumnado do centro e que leve consigo a incorporación de melloras para a práctica docente do centro.
- Implicar varios departamentos do centro ou centros, e teranse en conta os participantes en cada unha das tarefas do proxecto.
- Contar coa participación do equipo de dinamización da lingua galega.
- Designar unha persoa coordinadora do proxecto.
- Deberá prestarse unha atención especial á presentación, redacción e corrección lingüística do proxecto presentado.

Artigo 9. Comisión e criterios de valoración dos proxectos

1. Para a selección dos proxectos que concorran á convocatoria creárase unha comisión de valoración que estará presidida pola persoa titular da Subdirección Xeral de Planificación e Dinamización Lingüística, ou pola persoa en quen delegue, e estará integrada polos seguintes membros:
 - A persoa titular da Subdirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado, ou a persoa en quen delegue.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Rúa Pastoriza, 8
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 545 493
Fax: 981 544 424
www.xunta.es/linguagalega

galicia

- As persoas coordinadoras dos equipos de dinamización da lingua galega do ámbito territorial.
 - Un asesor ou asesora técnica da Secretaría Xeral de Política Lingüística.
 - Un membro da Secretaría Xeral de Política Lingüística, que actuará como secretario ou secretaria, con voz e sen voto.
2. A comisión poderá dispoñer a constitución dunha subcomisión técnica especializada para colaborar na valoración daqueles proxectos que coide pertinentes, que poderá estar integrada por asesores e asesoras técnicos da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa e da Secretaría Xeral de Política Lingüística.
 3. Os membros da comisión e da subcomisión estarán suxeitos ás causas de abstención e recusación establecidas nos artigos 28 e 29 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE núm. 285, do 27 de novembro de 1992).
 4. Criterios de valoración (anexo VIII).

Valoraranse os proxectos en función dos seguintes criterios:

- a) Interese educativo do proxecto: ata 35 puntos.
 - O seu carácter innovador e a súa integración no proxecto educativo: máximo 10 puntos.
 - Os obxectivos que persegue e a súa adecuación ao Plan xeral de normalización da lingua galega; a proposta metodolóxica e a formulación das actividades escolares e extraescolares coa súa periodización; o tratamento dos contidos que se van desenvolver e o sistema de seguimento e avaliación: máximo 10 puntos.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Rúa Pastoriza, 8
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 545 493
Fax: 981 544 424
www.xunta.es/linguagalega

galicia

- A súa contribución á eliminación dos prexuízos lingüísticos ou de cантas outras trabas impidan o uso habitual do galego pola comunidade educativa, tanto dentro coma fóra das aulas: máximo 5 puntos.
 - A súa contribución á posta en relación do galego cunha cultura de interese para a mocidade e con proxección de futuro: máximo 5 puntos.
 - As propostas de tratamiento da diversidade, a atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo e as medidas para fomentar a igualdade: máximo 3 puntos.
 - O acceso de alumnos e alumnas en igualdade de condicións e o fomento dos valores democráticos: máximo 2 puntos.
- b) Viabilidade, aplicabilidade e xestión do proxecto: ata 25 puntos.
- A implicación en actividades a través das cales a comunidade educativa se compromete no desenvolvemento do proxecto e na mellora das prácticas escolares como garantía para a súa aplicación e mantemento na actividade docente do centro: máximo 8 puntos.
 - O compromiso do profesorado coa lingua galega e coa realización de actuacións de formación que poidan organizarse durante o desenvolvemento do proxecto: máximo 8 puntos.
 - A garantía de aplicación nas actividades do proxecto na práctica docente habitual do centro, atendendo ao compromiso do claustro e do consello escolar para levalo a cabo, á súa estabilidade e á proposta de seguimento e desenvolvemento deste: máximo 6 puntos.
 - A utilización dos recursos existentes no centro: máximo 3 puntos.
- c) A colaboración entre centros. Os proxectos de innovación en dinamización lingüística realizados mediante a agrupación de dous ou tres centros: 15 puntos.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Rúa Pastoriza, 8
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 545 493
Fax: 981 544 424
www.xunta.es/linguagalega

galicia

- d) Proxectos non seleccionados nalgunha das tres últimas convocatorias: 25 puntos. Aqueles centros con proxectos cualificados como excelentes nas tres últimas convocatorias poderán puntuar neste apartado no caso de presentárense agrupados con outros centros (vid. apartado c) para a realización do proxecto.

Artigo 10. Resolución da convocatoria

A Comisión de Valoración, unha vez estudiadas as solicitudes presentadas, informará e valorará os proxectos presentados de conformidade cos criterios de valoración establecidos nesta convocatoria. A presidenta da Comisión de Valoración, en base ao informe de valoración, emitirá a proposta de resolución, que conterá a relación de proxectos seleccionados como excelentes e aqueles aos que se lles outorgou mención de honra. A proposta de resolución trasladarase ao titular da Secretaría Xeral de Política Lingüística, que resolverá por delegación do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, segundo o estipulado na disposición adicional da Orde do 25 de xaneiro de 2012, de delegación de competencias nos órganos superiores, directivos, e periféricos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (DOG núm. 27, do 8 de febreiro 2012).

A resolución publicarase na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística (www.lingua.gal/) e no Portal Educativo (www.edu.xunta.es) no prazo máximo de catro meses, contados desde a data de remate do prazo de presentación de solicitudes. De non facerse así, os solicitantes deberán entender desestimadas as súas solicitudes. Esta resolución será motivada.



**Artigo 11. Contía e financiamento**

A cantidade total destinada aos cinco proxectos excelentes é de 10.000 euros. O importe transferírselles aos centros nun único pagamento, no período correspondente ao exercicio económico de 2016. O seu pagamento farase con cargo á aplicación orzamentaria 09.03.151A.640.1 dos orzamentos de 2016 da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Artigo 12. Dirección e coordinación dos proxectos

1. Correspóndelle ao equipo directivo do centro ou centros que poñan en práctica os proxectos velar pola execución do proxecto de innovación.
2. A dirección ou direccións de cada centro participante designará a persoa coordinadora do proxecto de innovación en dinamización lingüística. A designación terá efecto para o curso escolar 2015/16 e, se a disponibilidade horaria o permite, coa asignación de horas suficiente para as funcións propias, dentro do seu horario, e aproveitaranse as marxes que ofrece a actual configuración do réxime horario do profesorado.

Cando dous ou tres centros se agrupen para presentar un proxecto, deberán asignar unha persoa coordinadora en cada un dos centros, así como unha persoa responsable como coordinadora xeral do proxecto. Esta persoa coordinadora xeral debe ser, pola súa vez, unha das persoas coordinadoras nalgún dos centros agrupados.

As funcións da persoa coordinadora do proxecto son:

- a) Asesorar o profesorado do centro durante o desenvolvemento do proxecto.
- b) Establecer canles para a difusión da experiencia e para o intercambio de información entre a comunidade educativa e con outros centros e/ou outras entidades.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Rúa Pastoriza, 8
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 545 493
Fax: 981 544 424
www.xunta.es/linguagalega

galicia

- c) Impulsar actuacións tendentes á ampliación e á mellora do proxecto.
- d) Orientar o profesorado do centro sobre os recursos dispoñibles.
- e) Fomentar a creación de contidos educativos vinculados á dinamización lingüística e a súa difusión entre a comunidade educativa por parte do profesorado do centro, especialmente os de tipo audiovisual e informático. Actuar de enlace coa Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.
- f) Distribuír as funcións e as tarefas que vai realizar cada profesor ou profesora participante no proxecto.

Artigo 13. Xustificación da execución do proxecto

Antes do 30 de xuño de 2016, a persoa coordinadora do proxecto elaborará e enviará á Secretaría Xeral de Política Lingüística a seguinte documentación xustificativa:

1. Unha memoria das actuacións levadas a cabo para a posta en marcha do proxecto, que se enviará no prazo arriba indicado, co visto e prace da dirección do centro ou centros participantes, que se incluirá na memoria final do curso que se lle remite á Inspección Educativa (anexo IX).

Esta memoria deberá facer unha descripción xeral do proxecto realizado e observar o grao de consecución dos obxectivos propostos, das actividades desenvolvidas, do grao de implicación do centro e da comunidade educativa, das actividades realizadas e da producción de materiais. Así mesmo, incluirá a avaliación realizada, os resultados das actividades executadas no marco do proxecto e da súa incidencia na promoción da lingua, así como as propostas de incorporación á práctica docente do centro e unhas conclusións xerais.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Rúa Pastoriza, 8
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 545 493
Fax: 981 544 424
www.xunta.es/linguagalega



2. Certificación da dirección do centro ou centros da participación do profesorado, na que se exprese o nome de cada docente do centro ou centros seleccionadores que participase no proxecto e o seu NIF (anexo X).
 - Os xustificantes orixinais quedarán en poder dos centros, á disposición dos órganos de control económico da Administración.
 - Unha copia dos materiais elaborados no desenvolvemento do proxecto.
3. No caso de que se lle conceda outra axuda para o mesmo proxecto no prazo de vixencia desta convocatoria, a dirección do centro deberá comunicarollo á Secretaría Xeral de Política Lingüística. A este respecto, é de aplicación o disposto no artigo 11 d) e no 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 121, do 25 de xuño de 2007), segundo o cal o importe da dotación económica se minorará cando a súa contía, illadamente ou en concorrencia coas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, supere o 100 % do custo da actividade subvencionada.

Artigo 14. Incumplimientos

A constatación da existencia de calquera incumplimento das condicións que motivaron a concesión da dotación económica dará lugar á devolución á Secretaría Xeral de Política Lingüística da cantidade percibida cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

- Que no proceso de seguimento e avaliación dos proxectos se detecte que non alcanzan minimamente o grao de realización previsto no seu deseño.
- Incumplir calquera das condicións establecidas para a súa concesión ou non achegar a memoria suporá a obriga de reintegro total ou parcial do importe percibido.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Rúa Pastoriza, 8
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 545 493
Fax: 981 544 424
www.xunta.es/linguagalega



Artigo 15. Asesoramento, seguimento e avaliación dos proxectos

Sen prexuízo da colaboración que poidan prestar outras institucións ou organismos, as persoas coordinadoras dos equipos de dinamización da lingua galega do ámbito territorial ofrecerán apoio e asesoramento, tanto na fase de elaboración do proxecto coma na fase do seu desenvolvemento. Así mesmo, desempeñarán funcións de seguimento e avaliación dos proxectos premiados nos centros da súa área de influencia.

Artigo 16. Procedemento para o seguimento e a avaliación dos proxectos

O procedemento de seguimento e avaliación será o seguinte:

- a. As persoas coordinadoras dos equipos de dinamización da lingua galega do ámbito territorial manterán un contacto permanente cos centros seleccionados e poderánllles solicitar calquera dato ou informe que consideren necesario para comprobar o estado da súa execución.
- b. Ao finalizar o curso, realizarán un informe do desenvolvemento dos proxectos premiados do seu ámbito territorial, que remitirán á Secretaría Xeral de Política Lingüística.
- c. No caso de que ao longo do curso se producise calquera incidencia significativa no desenvolvemento do proxecto seleccionado, comunicaranlllo á Secretaría Xeral de Política Lingüística, que adoptará as medidas pertinentes.

Artigo 17. Recoñecemento de participación

A participación do profesorado activamente implicado no desenvolvemento dos proxectos que resulten seleccionados acreditarase cunha certificación como participantes nunha actividade de innovación educativa. Así mesmo, farase constar





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Rúa Pastoriza, 8
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 545 493
Fax: 981 544 424
www.xunta.es/linguagalega

galicia

nela a equivalencia a 30 horas de formación permanente do profesorado. Tamén se lles entregará esta certificación aos que sexan recoñecidos coa mención de honra. Á persoa que desenvolva funcións de coordinación faráselle constar ese particular na súa certificación. No caso de que se trate dun proxecto conxunto intercentros, a persoa coordinadora recibirá un só certificado, onde quedará constancia da coordinación en cada un dos centros integrantes do proxecto.

Artigo 18. Difusión das experiencias e materiais elaborados

Os proxectos seleccionados serán publicados pola Secretaría Xeral de Política Lingüística na súa páxina web (www.lingua.gal/) e no Portal Educativo (www.edu.xunta.es).

A participación nesta convocatoria implicará, no caso dos traballos seleccionados, a colaboración nas accións de difusión que se organicen, así como a cesión dos dereitos de edición a favor do organismo que convoca.

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2015

O secretario xeral de Política Lingüística

Valentín García Gómez

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa


Manuel Corredoira López

